


NÚMERO 1 // SETEMBRO 2021


CHÍO

A TÚA VIAXE EMPEZA HOXE



A REVISTA CULTURAL DIXITAL DE LUGO SEMPRE

Muralla romana. Patrimonio da Humanidade



ÁS VECES TES QUE SUBIR
MOI ALTO PARA
ENTENDER O PEQUENO

FELIX BAUMGARTNER



LÉVAME CONTIGO

Félix Braumgartner escachou a barreira do son en outubro do 2012 e foi quen pronunciou a frase do manifesto de apertura, desta senda que representa **Chío**.

Cando lle damos a volta a eses dous últimos díxitos, **Lugo Sempre** quere tamén romper unha barreira e comezar a andaina das revistas culturais dixitais, feitas en Lugo, feitas na casa.

Porque a cultura en Lugo, tamén ten que aprender de todo isto e rachar a rede do simplemente convencional, para entrar de cheo na rede dixital. Ser quen de asumir, xa que logo, o cambio de paradigma e afondar nunha comunicación cultural de vangarda.

*Benvido a Lugo,
Mr. Berlanga!*

EVENTO DO MES

XLIII SEMANA DE CINE DE LUGO

20 ao 25 de Setembro de 2021



A TOMAR UN CAFETITO QUE TENEMOS MUCHO QUE HABLAR*

MELINA LÓPEZ

Apelar á morriña sempre é un recurso socorrido. Se falamos de cine é, ademais, moi resultón.

Digamos...lembro aquelas primeiras , para min, semanas de cine de Lugo, na que íamos ver as pelis innovadoras ao Gustavo Freire e na antesala, revisabamos os carteis do que estaba programado, xusto antes de comezar a sesión.

Logo, atravesabamos aqueles panos vermellos e pesados e "et voilà": o cinema.



No entanto, posto que a XLIII edición desta semana, ten como protagonista ao humor e o esperpento de Berlanga, poñámonos esperpénticos.

Falemos dunha semana do cine...nun auditorio esplendoroso, co lustre propio das grandes estreas, con vistas ao río máis longo de Galicia e con cheos absolutos. En Lugo. Creando unha marea cidadá capaz de apostar por difundir, sentir orgullo dos eventos aí realizados e con axentes públicos realmente implicados. Non o ves?

Dicía Berlanga: "El cine es preferentemente ocio. Somos trabajadores del espectáculo. Habría que convencer a nuestros colegas para que dejemos de pertenecer al Ministerio de Cultura y pasemos al de Industria. Que dejemos de vivir de las subvenciones, que son aberrantes y humillantes. Que nos estudien como industria y se haga una reconversión como la de Hunosa, como si fuéramos una fábrica de calzado". (1992), na súa liña sarcástica.

O cine é un maravilloso espectáculo que une a forza da industria, entendida como a produción dun servizo xerador de traballo e, ao tempo, de cartos; e máis o ímpeto da arte, sendo unha canle fabulosa de expresión artística. Non sobrevive sen ambos brazos. E darlle un marco portentoso a unha obra de arte, case sempre é sinónimo de vitoria.

"Y ni fueron felices, ni comieron perdices... porque allí donde haya ministros un final feliz es imposible"

La escopeta nacional (1978)

QUERO UN MUNDO PARALELO


MELINA LÓPEZ


Se este ano (e poñamos os tres anteriores) non escoitaches falar da feira do libro en Lugo, non é porque perderas o fío da actualidade, non. Nin tampouco que viviras nun mundo paralelo. De feito, de viviren nun universo paralelo, de seguro poderías pasear entre as casetas, escoitar a autores/as falar das súas últimas creacións, presenciar contacontos, participar naquel mítico concurso de tapas literarias, etc. Se non soubeches nada da feira do libro en Lugo é porque non existiu.

Neste 2021 houbo, nin máis nin menos, ca doce emprazamentos con feiras do libro en Galicia.

Pero Lugo segue a non existir. Seguiremos ca teima de seren "entelequia para todo"?

Os lucenses somos coma o rapaz aquel do conto de Andreu Martín, que camiñaba medorento por un mundo hostil, e dentro da súa cabeza levaba posto un berro: sacádeme de aquí!





Sen feira no edio real, nin no virtual. E logo, a pandemia non deixara unha rega de actividades dixitais?

Sexa como sexa a película, xa que estamos no mes do cinema, traemos un adianto, un avance, un "trailer" , logo.

Nese mundo paralelo no que nos gustaría, de cando en vez, vivir para gozar dos libros coma corresponde a unha cidade coma Lugo; andan a maquirar un regreso.

Non será o da feira do libro como até agora. E igual aí está a clave. Haberá cambios e imos curzar os dedos para que se fagan efectivos. Non é?

Queremos deixar de ser entelequia libresca tamén.

Merecido temos, gozar da cultura arredor dos libros, das letras, da literatura. Con eventos, actividades e proxectos soberbios.

Con feiras do libro que non queden reducidas a meras presentacións de títulos e xunten, por exemplo, os mundos fabulosos dos libros, co bo facer doutras disciplinas culturais locais.

Lugo cun elenco literario de "órdago". Non é?

VAI UNHA DE ACLARADO

Chío nace ao abeiro da asociación cultural e observatorio político, **Lugo Sempre**.

Os **contidos** íntegros deste número 1 de **Chío**, son de autoría propia. Tal e como está indicado. Porque alguén tiña que arrancar a maquinaria.

Con todo, nas vindeiras entregas da revista, contaremos con firmas convidadas, que aportarán a súa visión persoal no referente ao evento do mes; ou ben, tratando o tema da reportaxe especial.

No que se refire ás **imaxes**, **Chío** vai estar chea de fotos de Lugo.

Agás algunha imaxe específica, como é o caso neste número 1, da que ilustra o texto do evento do mes, procedente do banco libre de imaxes.

As restantes, son:

-Portada: Mosquera da muralla romana de Lugo

-Manifesto: escaleiras do Concello de Lugo

-Notas da editora: torre do Concello de Lugo

-Reportaxe especial: (de esquerda a dereita e de arriba a abaixo) foto propia; mural de **Paco Pestana**, **Primitivo** e **Leandro** respectivamente, para a feira do libro de Lugo 2016; foto propia.

O conto de **Andreu Martín** ao que se fai referencia na reportaxe especial, leva por título. ¡Sáquenme de aquí! e foi publicado na revista Mi biblioteca nº3. Outubro de 2005.

O * indica que o título deste apartado é unha frase extraída da película "La escopeta nacional".

Seica todo este proceso de aclarado non é preciso, pouco manchamos desta vez. Pero son "siareira" das intrahistorias, dos segredos, das agachadas. Vós non?

Coordina e dirixe Chío, Melina López.

